


Universidade de Vigo

Regulamento de Prácticas Académicas Externas

Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Aprobado en Xunta de Escola na sesión do 17 de decembro de 2019
Revisado en Comisión de Calidade na sesión do 21 de novembro de 2024



Artigo 1. Obxecto e réxime xurídico

- 1) O obxecto do presente regulamento é o ordenamento das prácticas académicas externas do estudiantado da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo da Universidade de Vigo (EEAE) que estea matriculado en calquera das súas titulacións.
- 2) O marco legal que regula as prácticas está definido polo disposto no Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo aprobado no Consello de Goberno do 29 de abril do 2021 e modificado no Consello de Goberno do 22 de novembro de 2023.

Artigo 2. Definición e características das prácticas externas

- 1) As prácticas externas constitúen unha actividade de natureza formativa co obxectivo principal de completar e aplicar, nun ámbito profesional, competencias e coñecementos propios do ámbito da Enxeñaría Aeroespacial.
- 2) Para os efectos académicos, as prácticas poderán adoptar dúas modalidades:
 - a) Prácticas curriculares, que se configuran como actividades académicas integradas nun plan de estudos con carácter obrigatorio ou optativo. O tratamento destas prácticas curriculares é como o de calquera materia, tendo un número de créditos académicos asignados.
 - b) Prácticas extracurriculares, que aínda tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non se inclúen no plan de estudos e teñen carácter completamente voluntario.
- 3) As prácticas externas poden realizarse nas entidades, empresas e institucións que cumpran os requisitos das entidades colaboradoras establecidos no Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo.
- 4) As prácticas externas curriculares disporán da súa guía docente, aprobada pola Xunta de Escola, nas mesmas condicións que calquera outra materia dunha titulación. O/A responsable de realizar a guía docente da materia de prácticas externas será a persoa coordinadora de prácticas da titulación.

Artigo 3. Persoas destinatarias das prácticas externas curriculares e requisitos para realizalas

- 1) Pode realizar as prácticas externas o estudiantado das titulacións da EEAE nas condicións que se establezan, así coma o estudiantado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estean realizando estadias na EEAE en programas de mobilidade.
- 2) Para realizar as prácticas externas curriculares débese estar matriculado na materia de prácticas en empresas/externas (PE), ou equivalente, da titulación correspondente da EEAE.
- 3) O estudiantado de grao debe ter superado un mínimo de 150 ECTS para poder solicitar a realización de prácticas.
- 4) O estudiantado de mestrado debe ter superado un mínimo de 30 ECTS para poder solicitar a realización de prácticas. A comisión académica de cada mestrado poderá modificar esta cifra se así o estima conveniente.

Artigo 4. Publicación das prácticas externas

- 1) A EEAE publicará as ofertas recibidas das empresas e institucións con convenio en vigor, incluíndo todos os datos requiridos pola normativa en vigor do Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo. Cada práctica especificará, de ser

o caso, a titulación do centro na que deberá estar matriculado o estudiantado para a súa realización.

- 2) A publicación das ofertas de prácticas adecuarase ao establecido no artigo 17 do RD 592/2014.
- 3) Unha vez publicada a oferta de prácticas, abrírase un prazo de presentación de solicitudes para o estudiantado das diferentes titulacións.

Artigo 5. Adxudicación das prácticas externas curriculares

- 1) O estudiantado matriculado na materia de prácticas poderá inscribirse en calquera das prácticas ofertadas no seu título.
- 2) A persoa coordinadora da materia das prácticas en empresa adxudicará as prácticas de acordo coas preferencias da empresa e tendo en conta, entre outros, a nota media do expediente académico, o número de prazas ofertadas e o cumprimento das obrigas de dedicación do estudiantado, dando prioridade ao alumnado inscrito no programa PIUNE sempre que a práctica solicitada poida ter en conta as pautas sinaladas desde o programa.
- 3) Se un/ha estudante chega a un acordo cunha empresa para a realización dunha práctica que cumpra as condicións para considerarse práctica curricular, poderá solicitar á persoa coordinadora da materia prácticas en empresa a adxudicación directa desa praza, sempre que o faga nos períodos administrativamente requiridos.

Artigo 6. Tutela do estudiantado nas prácticas externas

- 1) Cada estudante de prácticas terá unha persoa titora académica e unha persoa titora na entidade externa. A persoa titora académica será a persoa coordinadora da materia prácticas en empresas (PE) de cada título.
- 2) A Xunta de Escola establecerá, no marco que determine a normativa da Universidade de Vigo, o recoñecemento do profesorado que realice tarefas de tutorización de prácticas externas, se se considerase pertinente.

Artigo 7 . Cualificación das prácticas externas

- 1) Tras finalizar o período de prácticas, no prazo establecido na convocatoria, a/o estudante e a persoa titora externa deben entregar á persoa titora académica da universidade un informe sobre o traballo desenvolvido. No caso de prácticas curriculares, ese informe consistirá nunha memoria que conteña os puntos indicados na normativa da Universidade a tal efecto.
- 2) O método de avaliación das prácticas curriculares será o recollido na guía docente da materia e deberá ter en conta os informes mencionados no parágrafo anterior. A avaliación será realizada pola persoa titora académica.

Artigo 8. Prácticas en empresas e Traballo Fin de Grao/ Traballo Fin de Máster

Non será obxecto de recoñecemento pola materia de Prácticas en Empresa a estadia realizada nas instalacións dunha empresa con motivo do desenvolvemento do Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.

Artigo 9. Recoñecemento das prácticas externas extracurriculares no Grao en Enxeñaría Aeroespacial

- 1) A realización de prácticas académicas externas extracurriculares e as estadías derivadas tanto de bolsas de formación en dependencias como, de ser o caso, de bolsas de colaboración con grupos de investigación da Universidade de Vigo, poderán recoñecerse pola materia correspondente ás prácticas curriculares da titulación se así o solicita o/a estudante, sempre e cando o número de horas corresponda ao número de créditos da materia (mínimo de 25 horas por crédito ECTS) e se acredite a adquisición das competencias asociadas á materia.
- 2) Para o seu recoñecemento, será preciso que as prácticas realizadas cumpran os requisitos especificados para as prácticas curriculares. En particular:
 - a) O/a estudante debería ter superados 150 créditos ECTS antes da finalización das prácticas. Se no momento de finalizar as prácticas non se cumpre o requisito dos 150 créditos ECTS aprobados, as prácticas non serán recoñecidas aínda que a dita cifra se acade con posterioridade.
 - b) Debe existir unha persoa titora académica e unha persoa titora na empresa.
 - c) Debe respectarse o que estea estipulado na guía docente da materia prácticas en empresa (PE).
 - d) A/o estudante e a persoa titora externa deben entregar á persoa titora académica da universidade unha memoria sobre o traballo desenvolvido que conteña os puntos indicados na normativa da Universidade a tal efecto.
 - e) O traballo desenvolvido debe servir para completar e aplicar, nun ámbito profesional, competencias e coñecementos propios do ámbito da Enxeñaría Aeroespacial.
- 3) A documentación, incluíndo os impresos referentes á realización das prácticas e mais a memoria, deben ser entregadas na secretaría de dirección da EEAE pola persoa coordinadora de prácticas.
- 4) Recibida a documentación, corresponde á Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos (CARC) analizar que se cumpran os requisitos e, no seu caso, dar o visto bo para o recoñecemento, que será notificado ao estudante.

Artigo 10. Recoñecemento das prácticas externas extracurriculares nos mestrados

- 1) A realización de prácticas académicas externas extracurriculares poderá recoñecerse pola materia correspondente ás prácticas curriculares da titulación se así o solicita o estudante, sempre e cando o número de horas corresponda ao número de créditos da materia (mínimo de 25 horas por crédito ECTS) e se acredite a adquisición das competencias asociadas á materia.
- 2) As persoas solicitantes deberán ter superados o 50 % dos créditos necesarios para obter o título: Neste cálculo non é necesario ter en conta os créditos asignados ás prácticas curriculares ou aos TFM.
- 3) Corresponde á Comisión Académica de cada mestrado establecer as normas específicas, requisitos e procedementos para o recoñecemento.
- 4) Corresponde á Comisión Académica de cada mestrado a aprobación dos recoñecementos.